



# **XIV** **Asemblea Nacional de Esquerda Unida**

**DOCUMENTO POLÍTICO APROBADO**

Compostela, 12 de abril de 2025

## I: A GALICIA OBREIRA NO CICLO DA INSTITUCIONALIZACIÓN DA POLÍTICA

### *A composición de clase da formación social galega*

A realidade económica de Galicia no contexto estatal actual presenta certas peculiaridades que paga a pena ter en conta.

De acordo cos datos do IGE do cuarto trimestre de 2024, do total da poboación ocupada en Galicia, o 5,6% forman parte do empresariado con asalariados, o 11,7% son traballadores/as independentes ou empresarios/as sen asalariados/as e o 82,2% son asalariados/as. No caso de España, de acordo cos datos do INE de 2023, o empresariado representaría o 4,8% e os asalariados o 84,8%.

Con respecto á participación dos salarios no PIB, tanto no caso de España coma no de Galicia esta participación mostra unha tendencia negativa nos últimos anos. A maiores, a participación dos salarios en Galicia foi no 2023 do 42,8%, cinco puntos por debaixo do caso de España, onde foi no mesmo ano do 47,9% cunha tendencia ao aumento desta diferenza, que no 2020 era soamente de tres puntos e foi paulatinamente aumentando. Estes datos nos mostrarían un maior grado de explotación por parte do capital da poboación traballadora galega con tendencia ao aumento da mesma. Por outra banda, estes valores son para o conxunto de España similares á media Europea.

Por sectores, de acordo co IGE, o que mais persoas asalariadas ten en Galicia é o de Servizos cun 75,9%, seguido da Industria cun 15,4%, a Construción cun 5,7% e a Agricultura e Pesca cun 2,8%. No conxunto de España estes valores son, o 76,5% no sector Servizos, o 13,4% en Industria, o 6,8% no caso da Construción e un 3,4% na agricultura (neste caso o INE non inclúe a Pesca, o que incrementa a existencia dun maior peso do sector da Agricultura en España que en Galicia).

Sendo os datos similares, podemos ver no caso de Galicia un maior peso do sector da Industria, dous puntos a maiores e un menor peso do resto dos sectores a excepción da Pesca.

No canto da remuneración por hora de traballo efectivo, a media de Galicia, segundo o IGE, era no 2023 de 21,7€ mentres que en España era de 24,8 e a media europea de 28,2. Esta menor remuneración mantense en toda a mostra de datos consultada que se inicia no 2020.

En canto á remuneración por hora nos distintos sectores, tamén con datos do IGE para o ano 2023, mantense en xeral por debaixo en Galicia con respecto aos valores en España e en Europa, a excepción do sector da Agricultura, Gandaría, Silvicultura e Pesca, onde o valor para Galicia é de 13,6€/hora, dato similar a Europa, 13,4€/hora e bastante por riba da media de España, que é de 9,1€/hora. Esta diferenza podería ter explicación no maior peso da Pesca en Galicia con respecto á media de España, pero habería que estudalo detidamente.

Outro dato que chama a atención é o do sector inmobiliario, onde a diferenza por debaixo en Galicia é maior que no resto dos sectores, xa que a media europea se sitúa en 30,4€/hora, a española en 26,4€/hora e a galega en 7,3€/hora.

No resto dos sectores, a media en Galicia no caso da Industria está en 23,2 €/hora, na Construción en 23,5€/hora e con moitas variacións dentro do sector de Servizos, que van dende os 7,3€/hora que comentábase para o sector inmobiliario aos 28,9€/hora das actividades financeiras e de seguros ou a Administración Pública con 28,8€/hora.

Por outra banda nalgún caso os valores que proporciona o IGE, agrupan sectores tan diversos coma o comercio, a reparación de vehículos de motor e motocicletas, transporte, almacenamento

e hostalería, para os que da un mesmo valor de 17,4€/hora, o que non parece un dato moi revelador dada a diferenza de distintos convenios sectoriais que agrupa e as diferenzas que pode ocultar este dato entre os distintos sectores.

Cuestión aparte a ter en conta é a fenda salarial que se mantén entre mulleres e homes. Cos datos do IGE de 2022 esta fenda estaba no 17% tanto en Galicia coma en España de media para todos os sectores.

Por sectores esta fenda situábase en Galicia no 20% no sector da Industria, no 17% no sector de Servizos. Para o sector da Construción non hai datos comparativos para o 2022. Si os hai para o 2021, que daría un resultado do 6,5%, pero coa advertencia de que a mostra é pequena polo que pode dar lugar a erro.

Esta fenda pode ser explicada pola histórica situación da muller con respecto ao sistema produtivo, onde a súa incorporación é menor e tradicionalmente veñen desenvolvendo as tarefas reprodutivas no seo dos fogares. Neste sentido, aínda que cada vez máis homes se fan cargo destas tarefas non remuneradas, o groso das mesmas aínda está levada a cabo polas mulleres. Isto da coma resultado que o 80% das medidas de conciliación son solicitadas por mulleres, así coma reducións de xornada, excedencias e empregos a tempo parcial. Isto súmase á permanencia da división do traballo nos sectores produtivos, onde as mulleres son maioría no sector servizos e ao feito de que coa mesma cualificación profesional as mulleres ocupan moitas veces postos máis baixos na escala salarial que os homes.

### *O regreso do tripartidismo harmónico*

En termos estritamente electorais e institucionais, Galicia regresou á situación existente durante cinco lexislaturas (entre 1993 e 2012), cando os tres principais partidos coparon as principais institucións. De feito, na maioría delas, a formación dos executivos responde a dúas únicas variantes: gobernos do PP en solitario ou gobernos de coalición entre o PSOE e o BNG. O último ciclo electoral (con catro comicios electorais celebrados no prazo dun ano, entre maio de 2023 e xuño de 2024) reforzou a presenza hexemónica das tres forzas políticas maioritarias nos distintos niveis institucionais. Na eleccións locais (maio 2023), xerais (xuño 2023), autonómicas (18 de febreiro de 2024) e europeas (xuño de 2024), o tripartidismo repartiuse o 90,8% das concellerías de toda Galicia; o 91,3% dos escanos no Congreso; o 100% no Senado; o 96,3% dos postos nas Deputacións provinciais; o 98,7% dos escanos no Parlamento de Galicia (92,97% do voto) e o 86,76 % do voto nas eleccións europeas.

Con todo, o "tripartidismo harmónico", entendido como a normalización da alternancia entre as tres forzas políticas maioritarias nas diferentes esferas institucionais, non é un feito aleatorio. Era un obxectivo buscado polo PP cando reformou unilateralmente a lei electoral en 1993, subindo do 3% ao 5% a barreira legal por circunscrición provincial para obter representación. Manuel Fraga xustificou entón a reforma para limitar a "atomización ideolóxica", que na práctica significaba deixar fora do Parlamento de Galicia a EU, a pesar de que os resultados lle outorgarían dous escanos coa normativa anterior. A barreira legal do 5% tamén ten consecuencias directas no voto útil, ao concentrar o voto naquelas forzas políticas capaces de superala. E, por suposto, a perda de representación institucional provoca a diminución de recursos económicos e contribúe á debilidade organizativa. Por iso, EU sempre tivo o obxectivo de reformar a lei electoral para facela máis democrática.

Evidentemente, a hexemonía do tripartidismo susténtase nunha ampla extensión territorial dos tres principais partidos, que se traduce nunha maior incidencia social e na posibilidade de presentar maior número de candidaturas. De feito, nas eleccións locais, o PP é o único partido que logra presentarse nos 313 concellos. o PSdeG en 305 e o BNG en 265 localidades. O tripartidismo viviu un período de excepción entre 2012 e 2020, coa irrupción dos pactos de confluencia e as mareas. Con todo, os bos resultados electorais e a forza institucional alcanzada neses anos non foron aproveitadas para consolidar ou aumentar as estruturas organizativas que conformaron ese "espazo", senón todo o contrario. E a consecuencia directa desa debilidade organizativa, unida ao abandono do terreo ideolóxico e programático e as loitas internas, traducíuse nun fracaso electoral sen paliativos e no apontoamento do mencionado tripartidismo. Ademais, froito da debilidade e as loitas internas do BNG, que deu lugar a unha fragmentación do mesmo, unha parte do nacionalismo abrazounos como aliadas en 2012, regresando despois á súa matriz partidaria. De xeito semellante, varias forzas políticas federalistas coas que nos presentamos anteriormente en coalición ás eleccións, rivalizan polo mesmo espazo político que EU. En ambos casos, púxose de manifesto a distancia ideolóxica que tiñamos con estes aliados electorais

Evidentemente, os éxitos e os fracasos de EU dependen da nosa capacidade de organizarnos e facer política, pero tamén están intimamente ligados aos éxitos e fracasos da forza federal á que pertencemos. Os nosos mellores resultados electorais prodúcense onde temos organización, pero sempre están directamente relacionados co momento político que vive IU a nivel federal. Por exemplo, en Galicia tivemos os mellores resultados electorais en 1995 coincidindo co mellor momento de EU, e os peores resultados coincidiron sempre cos períodos de crises do proxecto federal. Actualmente, a política estatal está marcada por unha resistencia agónica do goberno e pola débil posición da esquerda no executivo de coalición, que xustifica a necesidade de prolongar a estancia no goberno durante o maior tempo posible como mero acto de resistencia para frear ao bloque conservador. Esta situación limita a capacidade de acción da esquerda alternativa para esixir do goberno cambios de carácter estrutural que vaian máis aló de reformas meramente conxunturais e afectan á perda de apoio social e electoral. Ese discurso de contención fronte ao neofascismo puido dar resultado a curto prazo nas eleccións xerais de 2023, froito dun determinado momento político, pero comprobouse que fracasou en todos os ámbitos, tanto nas diferentes autonomías do Estado como na esfera internacional, e corre o risco de facelo tamén nas vindeiras eleccións xerais.

A chamada ao voto unicamente como instrumento para frear á extrema dereita outorga un apoio cortoplacista e conxuntural que non se sustenta nunha identificación ideolóxica. Debemos ter claro que actual derrota da esquerda en toda Europa ten moito que ver coa invisibilidade da esquerda alternativa clásica e coa decadencia ideolóxica e programática das esquerdas en xeral. E que o auxe social e electoral da dereita extrema e a extrema dereita terá consecuencias imprevisibles, no Estado e en Galicia, se a esquerda non é capaz de reverter esa situación, dando a batalla ideolóxica, organizándose para a loita social, abandonando o simple institucionalismo e o electoralismo, e ofrecendo unha alternativa social, política e económica de carácter anticapitalista, federal e republicana

## *A situación actual de Esquerda Unida: institucionalización, subordinación e defensismo do goberno central*

A certificación tras as últimas eleccións do peche do ciclo de converxencia iniciado en 2012, coa coalición de confluencia fóra por segunda vez consecutiva do parlamento autonómico e sen presenza na maioría de municipios, obriga a facer un balance autocrítico dos efectos que tivo este ciclo na desarticulación de Esquerda Unida. Esencialmente, a dilución progresiva da capacidade de elaboración política e mobilización militante, acenos de identidade como proxecto soberano e con relativo arraigamento no país, sacrificadas nas idas e vindas dunha década de construción dun espazo politicamente inconsistente e electoralmente fugaz.

Aínda que na anterior asemblea asumíuse o mandato de reverter esta tendencia, expresado na viraxe das prioridades ao acompañamento e impulso do traballo externo xunto co reforzo da organización, o certo é que as inercias larvadas durante a última década, xunto á consolidación da aposta governista na esquerda, con IU como un dos seus axentes máis activos, acabaron impoñéndose na vida diaria das asembleas. As eleccións e as súas derivadas marcaron os debates e liñas de quebra na organización, sen excesiva reflexión sobre o rol que cumpren no conxunto das tarefas, nin a súa inserción na lóxica da ruptura-transformación sobre a que formalmente descansa Esquerda Unida, relegada no mellor dos casos, ao ámbito da retórica, senón invisibilizada ante as urxencias do inmediato.

A pesar de responder o clima de dereitización social imperante, non é menos certo que ben por chegar demasiado tarde ou non ser quen de dar coa clave, hai unha parte da responsabilidade da que temos que facernos cargo na federación. Trazar un plan que garanta non só manter as constantes políticas, senón elevar o nivel de intervención política, esixe primeiro identificar os factores que converxeron ata minguar as posibilidades para unha plena actuación autónoma. Un triplo proceso ao que intuitivamente moitas veces apelouse, pero sen excesiva claridade.

Primeiro, a tan manida institucionalización do traballo, isto é, a redución do conxunto da acción política ao estreito marco do traballo institucional e electoral e, simplificada, na concepción deste como un mercado competitivo no que unicamente se contraponen modelos de xestión e con acceso restrinxido para unha maioría da organización. Elaborar política sen máis lente que o que ofrece o institucional lévanos a sobreestimar unhas tarefas sobre outras e a situar no centro das nosas preocupacións cuestións accesorias á hora de dar resposta e intervir entre as e os traballadores. A relevancia tradicionalmente outorgada ao posicionamento comunicativo, o control exercido desde os liderados institucionais, así como o tempo dedicado ás dinámicas interpartidarias fronte aos asuntos devidos do traballo de base son mostra da devandita disociación.

Unha forma de intervir politicamente que, salvo honrosas excepcións, impregnou de arriba a abaixo ao conxunto de estruturas e sectores que conforman a nosa formación, con independencia das lecturas adoptadas nun ou outro momento sobre a converxencia ou a maior ou menor “cantidade” de traballo realizado. Desposuídos da representación e ferramentas institucionais en case todos os niveis, resulta paradoxal que o institucional siga sendo fonte de conflitos e contradicións. Nesta tesitura, seguir profundando nesta forma institucionalizada de traballo xa non é que sexa un erro político, que o é, senón que directamente non ten máis funcionalidade que exacerbar a distancia cunha militancia á que se lle pechan as portas para ser partícipe do traballo da súa organización.

Segundo, o rol subalterno xogado nas diversas coalicións electorais tivo como consecuencia non desexada a submisión política e programática a terceiros. Unha dependencia que incidiu no accionar organizativo e político cotián, dentro e fóra da arela electoral. Organizativamente, a

tendencia foi cara a perda de autonomía na elaboración de propostas e traballo, cunha axenda sometida aos vaivéns do institucional e intereses alleos, en demasiadas ocasións complementado coa perda da capacidade de decisión e o baleirado de asembleas ou órganos en favor de espazos pouco representativos e democráticos.

Politicamente, Esquerda Unida perdeu coñecemento da realidade do país, capacidade de valoración política e de posicionamento político fronte a proxectos cada vez máis dereitizados. Non é de estrañar que iso se dea á vez que ía minguando a relevancia do programa fronte aos aspectos xurídico-electorais e financeiros dos acordos. De feito, o aceptar inconscientemente a idea do programa como unha sorte de relación case técnica de medidas de desenvolvemento parlamentario fronte á expresión das sínteses e compromisos entre tendencias non deixa de ser a manifestación de carencias arrastradas de orde política e ideolóxica.

Terceiro, máis aló de sinalar as nosas deficiencias, non se pode obviar que o clima de paz social foi un acicate igual ou maior para a desmobilización interna. Por moito que certo discurso dentro e fóra da organización o cuestione, a esquerda ruturista por definición é unha forza de oposición, a súa natureza é de conflito e contradición coa institución e a orde normal das cousas. As fases de concertación e peche ao institucional, especialmente se son prolongadas como a actual, exercen un labor de constrinximento sobre os espazos extrainstitucionales e as dinámicas sociais, as nosas principais bases de apoio. Esquerda Unida é permeable e flutúa á vez que o fai a acción directa dos traballadores, cando as loitas colectivas intensifícanse e toman formas máis elevadas, a nosa organización expándese, cando decaen, a organización reséntese igualmente.

Diso non se extrae ningún tipo de maximalismo que renuncie por principio ao traballo parlamentario nin sequera cando este se poida dar baixo fórmulas de participación governamental, mentres se entenda subordinado ás loitas de masas e concíbese como meros enclaves temporais dirixidos a ampliar o coñecemento e adhesión ao noso programa. O problema non é gobernar en abstracto, senón o rol autoasignado en relación a un goberno central que máis aló do beneficioso dunhas ou outras medidas é incapaz de frear a desafección. Se a elección é privilexiar a protección do goberno fronte a exacerbar as contradicións e os procesos de organización e loita, indubidablemente sentiremos o eco político e organizativo nas nosas filas. A aposta governista, ademais de ineficaz para facer fronte a unha reacción envalentonada, contribuíu a incrementar o noso grao de illamento con todo o que xorde fóra dos parlamentos.

A caracterización do proxecto de Izquierda Unida como un proxecto de concertación governista co PSOE non se limitou neste ciclo á defensa da coalición do goberno central. Esta interpretación asentouse no seo da organización a todos os niveis, ben no discurso das coalicións das que formamos parte, ben incluso cara ao interno, aínda que cunha intensidade inferior. Se durante o goberno de González a retórica das “dúas orelas” dominaba o discurso, esta posición defendida polo tantas veces louvado Anguita parece desprazada á irrelevancia. Convén poñer en contexto quen se opuña a esta postura: os “renovadores” que remataron no PSOE e os continuadores da liña eurocomunista.

Durante as eleccións autonómicas e locais, as personalidades políticas que dominaron a acción das coalicións nas que nos encadramos fixeron seu o discurso de concertación co PSOE sinalando que a coalición correspondente sería a áncora que arrastraría o PSOE á esquerda. Por exemplo, Sumar Galicia caracterizouse durante as últimas autonómicas como “forza estratéxica e decisiva”, o “cemento dun goberno con BNG e PSOE”, con “políticas de solvencia, acreditadas no estado”. Candidaturas locais incorporaron durante as eleccións a retórica da “man tendida” ao PSOE. Dalgún xeito, deixámonos arrastrar por esta forma de concibir o traballo político no que, incluso durante o período electoral, as candidaturas das que formabamos parte

se presentaban como muleta do PSOE. Isto incluso en eleccións nas que as expectativas eran ter unha representación testemuñal na que formar parte do goberno sería anecdótico. Estes sucesos reforzan a conclusión de que a reflexión necesaria sobre a relación de IU co goberno non se pode reducir a unha crítica da lousa que soportamos debido á pertenza de IU ao goberno, senón que tamén esixe unha autocrítica sobre a nosa forma de concibir o traballo político e, en concreto, o político-electoral.

#### *As consecuencias da política de converxencia do ciclo 2012-2024*

Dende 2009, Esquerda Unida viuse sumida nun proceso de subordinación crecente a proxectos alleos a través da materialización concreta da idea da “converxencia”. O resultado foi a crecente parálise da organización, a perda de capacidade de análise, posicionamento e acción propia e a desafección militante. A principal lección é que sen unha organización forte no organizativo e ideolóxico e con dinámicas de acción colectivas, a converxencia arrástranos tendencialmente á inacción.

A papeleta de Esquerda Unida apareceu como opción nas eleccións autonómicas por última vez en 2009, encabezada por Yolanda Díaz. O resultado fora negativo, cun 0,97% dos votos e por debaixo de organizacións como UPyD e Terra Galega. Pese a todo, Esquerda Unida tiña capacidade orgánica para presentar candidaturas nas catro provincias e elaborar unha proposta para Galicia. Máis alá de calquera outra valoración, esta capacidade demostrase como un éxito por si mesmo, atendendo á realidade actual. O ciclo electoral iniciado en 2012 coa converxencia en Alternativa Galega de Esquerda pechouse nas últimas eleccións de 2024, coa saída do parlamento de militantes de Esquerda Unida. Isto debeuse á falla de representación da Coalición Sumar Galicia, a candidatura apoiada pola nosa organización, que acadou un resultado do 1,90%, por debaixo de Vox. O máis salientable é que a nosa organización tivo que desbotar sequera a opción de ter candidatura propia pola nosa incapacidade para elaborar unha proposta e as listas ás eleccións.

Certamente, o contexto político nacional e, sobre todo, estatal en 2012 era substancialmente diferente ao actual, e isto pode ter afectado a degradación dos proxectos de converxencia. Porén, non debemos reducir a explicación da situación actual a elementos externos e temos que extraer as leccións axeitadas para o futuro. Neste sentido, Esquerda Unida fomos partícipes da nosa propia paralización progresiva, favorecida pola natureza do traballo institucional e das dinámicas dos procesos de converxencia.

Durante o ciclo de doce anos que nos leva de 2012 a 2024, os procesos de converxencia nos que Esquerda Unida ten participado foron experimentando un duplo proceso de autonomización cupular e de dereitización.

No que respecta á autonomización cupular, pese a que os procesos iniciados en 2012 xa amosaban certa tendencia ás decisións cupulares, a autonomía entre o grupo parlamentar e as organizacións e, por conseguinte, o baleiramento do traballo da militancia, estes problemas fóronse agudizando co paso dos ciclos electorais. Cabe destacar dous efectos indesexables. Primeiro, a militancia quedaba illada do traballo institucional e o traballo de dirección se limitaba ao seguimento do traballo parlamentar. Segundo, a propia Esquerda Unida ía perdendo actividade en favor do traballo illado dos e das parlamentarias ou incluso de figuras ou grupos coordinadores dos equipos parlamentares.

Non se debe negar que, en ocasións, as nosas representantes públicas traballaban para reconectar coa militancia, mais o contexto institucional e as dinámicas da converxencia foron dificultando paulatinamente ese traballo. Por moita vontade que exista, unha organización tan pequena como a nosa, que centraliza o groso do traballo de dirección en poucas persoas, non facilita combinar o traballo institucional co traballo de dirección e a unificación de ambas tarefas en poucas persoas rematou por rachar co balance axeitado. Así, as dinámicas institucionais foron absorbindo as dinámicas colectivas de dirección.

En relación coa dereitización, máis alá de contratendencias, Esquerda Unida como ente colectivo foi perdendo comprensión da realidade do país debido a dúas causas. Isto á súa vez foi favorecendo a dependencia de terceiros axentes, reforzando un círculo vicioso de debilitamento e submisión. Primeiro, porque o traballo de análise e proposta se delegou na representación institucional, un erro que non é atribuíble só ás propias deputadas e concelleiras. Segundo, porque a análise se delegaba ao mesmo tempo a outras organizacións nos espazos de coalición, nunha división do traballo que non está xustificada atendendo á natureza das coalicións. En definitiva, a organización, como colectivo, perdía constantemente coñecemento da realidade na que actuaba.

Ademais, esa perda de análise e proposta implicou tamén que certos aspectos da acción das converxencias fosen recaendo en actores cos que temos fondas diferencias, favorecendo unha dereitización do discurso. Esta dereitización pode amosarse no contido político de Movemento Sumar, como cumio do proceso aquí descrito. Tal dereitización non se lle escapa ao sentido común da militancia de Esquerda Unida, mais pode exemplificarse nas referencias ao “laborismo” e o “progresismo” na campaña da Coalición Sumar Galicia para as autonómicas, así como en propostas como a “renda básica universal para a xente moza” que serve para que poidan “emprender”. A propia composición das candidaturas tamén amosa esta dereitización. Cabe recordar que candidatos de Movemento Sumar Galicia en postos altos traballaron para CiU e o PNV, para Rafa Cuíña ou para o PSOE.

Sumar representa neste sentido a culminación dun proceso sementado a base de decisións propias e alleas e, como tal culminación, serve para sinalar aspectos negativos que deben terse en conta, tales como:

- O desprezo a Esquerda Unida e a súa militancia, que foi excluída de todas as decisións relevantes a tomar pola coalición.
- Os intentos de confundir coalición Sumar Galicia e o partido Movemento Sumar Galicia, como ferramenta para vampirizar a bagaxe política das organizacións que a apoiaron.
- A “OPA hostil” á militancia de Esquerda Unida, a través de múltiples mecanismos como a solicitude de afiliación, a dobre militancia encuberta e a confusión.
- A delegación da acción de campaña a figuras alleas a Galicia.
- O desenvolvemento dun proxecto político sen militancia real, que precisamente motivou que Movemento Sumar tratase de atraer militancia doutras organizacións sementando a discordia e a confusión.
- A externalización da acción política.

Esta análise non debe levarnos a cometer o erro de considerar que os problemas de Esquerda Unida derivaron de dinámicas externas que deturparon un proxecto de converxencia carente de defectos. Todo proxecto de converxencia electoral presenta os riscos sinalados de delegación de traballo que pode levar á parálise. Ademais, e isto é o máis importante, a responsabilidade do estado de Esquerda Unida é tamén da propia militancia, pois fomos incapaces de identificar as tendencias negativas e rectificalas. O peor erro posible a extraer da experiencia destes anos é pensar que eliminada a política de converxencia Esquerda Unida está xa libre de lastres.

As leccións que debemos extraer son as seguintes:

- O principal obxectivo de Esquerda Unida no eido electoral é chegar aos procesos electorais municipais e autonómicos cunha bagaxe de traballo político que permita tanto elaborar unha proposta programática axeitada como unha candidatura forte. A converxencia debe ser sempre unha posibilidade que se avaliará atendendo á conveniencia política, non unha necesidade derivada da nosa propia febleza.
- No eventual caso de que existan motivos políticos para retomar a senda da converxencia, teñen de despregarse ferramentas organizativas e políticas que aseguren o traballo independente da organización, o fortalecemento da iniciativa e a submisión dos cargos electos á militancia de Esquerda Unida.

### *Dificultades e potencialidades para o fortalecemento de Esquerda Unida*

Na realidade, os procesos de converxencia levados adiante os últimos anos nunca foron tal porque tampouco houbo unha auténtica intención por parte de ningunha das organizacións de chegar a tal converxencia. Algo explicable en parte no feito de que as organizacións participantes eran en moitos aspectos coma a auga e o aceite nas súas posicións políticas. Do que se trataba realmente era de operacións de enxeñería electoral. Debemos asumir esta realidade e repensar o camiño a seguir.

Se realmente queremos chegar a ter capacidade de influencia nos procesos políticos do noso país, ou o que é máis, se realmente temos claras a nosas posicións anticapitalistas e a favor da clase traballadora e a importancia para o avance nestas causas da nosa organización, debemos abandonar un camiño esgotado que se ben tivo uns éxitos iniciais inesperados, viu moitas veces acompañado tamén de cesións ideolóxicas e de carencias democráticas que, a medio prazo, provocaron a desmotivación da nosa militancia e a perda de confianza por parte do electorado de esquerda.

Este escenario no que nos atopamos na actualidade amosa dificultades pero tamén potencialidades que debemos ser quen de aproveitar.

Polo lado negativo está o feito de que a nosa organización federal, IU, neste momento forme parte do goberno do estado dentro do Grupo Parlamentario de Sumar. Isto practicamente impide calquera acción política crítica co Goberno Central por moito que IU sexa unha parte moi minoritaria dentro dese grupo e siga mantendo posicións políticas bastante coherentes co noso ideario.

A presenza nun goberno dominado polo PSOE fainos aparecer coma cómplices das súas políticas antiobreiras, colaboradoras co capital e obedientes aos ditados do imperio norteamericano, o que nos deslexitima tanto ante boa parte das persoas de conviccións de esquerda, como ante a clase traballadora en xeral que ve como, a pesares dalgúns pequenos avances acompañados de moita sobreactuación, a súa situación de precariedade vital e a incerteza sobre o seu futuro se manteñen ou mesmo empeoran.

Outra dificultade, relacionada co punto anterior, ven das limitacións da política autonómica. Estas limitacións fan que, de xeito máis ou menos intencionado, a información nos medios sobre a política autonómica sexa moi reducida en favor da política estatal. Incluso nos propios medios galegos. Este feito, ao centrar a atención da opinión pública en cuestións estatais, entorpece a posibilidade de despregar unha acción política baseada na realidade nacional que ao mesmo tempo nos permita marcar un perfil propio e non afectado pola presenza de IU no Goberno de España.

Por outra banda, polo lado positivo no que respecta á potencialidade de Esquerda Unida, está o feito de que, a pesares de todo, somos dentro da esquerda de ámbito estatal unha organización con maior implantación social en Galicia que partidos coma Movemento Sumar ou Podemos. Sen dúbida, o éxito destas dúas organizacións está baseado na súa presenza nos medios de comunicación do capital, que os potencian cando o consideran adecuado, pero que en realidade carecen dunha base social real, de implantación territorial e moito menos dunha mínima estrutura organizativa máis alá dos representantes en Galicia designados polos seus líderes.

Pola contra, a base e implantación social de Esquerda Unida, por limitada que sexa, non se debe en ningún caso á potenciación por parte dos medios do capital. Ao contrario: coñecedores do perigo que significaría para os intereses das clases capitalistas unha Esquerda Unida cun amplo apoio social, estes medios fixeron dende sempre todo o posible para manter a esta organización silenciada.

Este feito provoca que dependamos case en exclusiva dos nosos propios medios para chegar á poboación, pero tamén nos permite, sen renunciar a utilizar no posible os medios de comunicación do sistema, certa independencia dos mesmos á hora de traballar por aumentar a nosa base social entre as persoas de conviccións de esquerda. Polo tanto, a actual debilidade de Movemento Sumar e Podemos deixa un espazo aberto na esquerda a pesares das dificultades sinaladas anteriormente.

Non podemos tampouco obviar o feito de que parte das persoas de esquerda en Galicia teñen ao BNG coma o seu referente aínda que nos feitos esta sexa unha organización política nacionalista de carácter social- liberal tipo PSOE e de clara tendencia interclasista. O BNG basea boa parte da súa política na loita por unha mellor parte dos recursos do estado, do victimismo e de cargar da culpa a Madrid. Pero as súas aspiracións a gobernar, xunto coa súas propias posicións interclasistas, levan a esa organización a non confrontar co capital, limitando deste xeito a súa capacidade de loita a pesares da enorme potencialidade coa que conta esa organización debido á súa gran implantación social. Este feito, unha vez que Esquerda Unida non conta con estas ataduras e pode e debe criticar abertamente o sistema capitalista, tamén nos deixa un espazo aberto no que ampliar a nosa propia base social, tarefa na que debemos poñer o máximo empeño.

## **II: A LIÑA DE TRABALLO INSTITUCIONAL MUNICIPAL NA PROPOSTA DE ESQUERDA UNIDA**

### *A relevancia da acción política municipal no traballo de esquerda unida*

En consonancia coa situación antes descrita, o fortalecemento de Esquerda Unida debe tecerse dende o municipal. É precisamente neste ámbito onde podemos evitar mellor o bloqueo mediático e chegar directamente á veciñanza en xeral e aos distintos colectivos escoitando as súas inquietudes e achegando as nosas posturas. A participación nas cuestións municipais permítenos coñecer de primeira man as condicións realmente existentes en cada cidade, vila ou barrio e ao mesmo tempo confrontar o noso ideario coa realidade social tendo en conta que moitas veces as nosas posicións políticas están moi afastadas da ideoloxía maioritaria na veciñanza entre a que desenvolvemos o noso traballo. O contacto directo que se da traballando no ámbito municipal posibilita facernos unha idea do alcance desta separación ao saír do noso propio entorno no que ás veces podemos adquirir unha falsa percepción de aceptación das nosas premisas. É polo tanto neste ámbito onde podemos avaliar máis facilmente a mellor forma de

exercer a acción directa para favorecer a organización da veciñanza na defensa dos intereses colectivos, achegar o noso discurso onde xa está organizada e potenciar a conciencia de clase despregando un traballo apegado ao territorio e controlado pola militancia.

A política municipal é ademais o ámbito onde con máis facilidade podemos obter resultados electorais xa que a pesar da debilidade da nosa organización a nivel autonómico, somos quen de manter unha presenza continuada no tempo nalgúns concellos. Obter representación municipal, ademais de permitírnos ampliar o alcance do noso discurso e confrontar ideas coas outras organizacións políticas, tamén nos facilita que se nos achegue a veciñanza para expoñernos as súas percepcións ou preocupacións no tocante á política do concello ou mesmo sobre cuestións que van máis alá. Folga dicir que a propia celebración de eleccións municipais é o momento onde máis veciñanza se anima a participar na política. Polo xeral, dáse unha variación periódica de participación da veciñanza na política municipal arredor destas eleccións. Neses momentos, canto máis implicación activa lle permitamos á veciñanza que se achega e máis poñamos en valor o seu traballo, máis facilmente a poderemos fidelizar na participación activa máis alá dos ciclos electorais.

É polo tanto no ámbito dos concellos, barrio a barrio, rúa a rúa e persoa a persoa, onde debemos basear a ampliación da nosa base social para que as nosas ideas de *"transformar o sistema capitalista económico, social e político, nun sistema socialista fundamentado nos principios democráticos de xustiza, igualdade, liberdade, solidariedade, internacionalismo, democracia participativa, respecto á natureza e abolición das clases sociais mediante a prohibición da propiedade privada sobre os medios de produción"*, deixen de ser minoritarias e camiñen cara á hexemonía.

#### *Acción institucional subordinada á mobilización e á acción directa*

Esquerda Unida debe aproveitar a súa presenza nas institucións para potenciar a mobilización social. O feito de obter representación municipal, ademais de ser fonte de recursos económicos que nos facilitan o exercicio da propaganda política, serve tamén en certa medida para romper o bloqueo informativo ao que nos someten os medios do capital que se ven na obriga de mencionarnos aínda que sexa o mínimo posible.

Por outra banda, non debemos deixar de lado a cuestión de que, por moito que o discurso de "todos os políticos son iguais" estea xeneralizado entre a poboación, o certo é que á hora da verdade o feito de contar con cargos públicos facilita que unha organización política pase a ser considerada un actor relevante ante esa mesma poboación, algo que á súa vez facilítanos o contacto con persoas e colectivos e a transmisión de discurso político.

A maiores, o traballo diario dentro das institucións permítenos deixar en evidencia a verdadeira faciana antiobreira, non soamente dos partidos do espectro da dereita, se non tamén dos partidos considerados de "esquerda" que máis alá de discursos e folclore, están máis achegados ideoloxicamente ás dereitas que a nos.

Nos feitos evidénciase que partidos coma o BNG ou o PSOE non é soamente que consideren o capitalismo coma o único sistema posible, se non que aceptan sen máis a actual tendencia neoliberal de recorte do público en favor do privado contribuíndo deste xeito a aumentar a explotación da clase traballadora pola vía da privatización dos servizos públicos.

Para as grandes empresas especializadas na explotación do público as privatizacións son un gran negocio: Fanse co control de infraestruturas públicas, o que serían os seus medios de produción, financiadas con diñeiro público, explotan ás traballadoras e traballadores que realmente prestan o servizo, e os capitalistas se quedan co beneficio económico. Diñeiro que

procede á súa vez dos impostos pagados pola clase traballadora. Todo un exemplo do parasitismo do capital.

E para isto teñen uns grandes aliados nos representantes institucionais que adoitan vender coma un gran logro as posibles inversións das empresas prestadoras de servizos, cada vez que hai unha nova concesión, aínda sabendo que todas esas inversións as vai a pagar en realidade a veciñanza con beneficio empresarial incluído.

Sen renunciar a utilizar as institucións para conseguir melloras para a veciñanza, non debemos caer na trampa de considerar, ou de facer crer, que con Esquerda Unida dirixindo os concellos, a nosa organización sería quen de acadar avances espectaculares para as clases traballadoras dentro do marco sistémico establecido máis alá de certas melloras. Debemos utilizar a nosa presenza nos concellos para amosar o verdadeiro carácter de clase da democracia burguesa. Debemos explorar os límites da lexislación vixente para demostrar, agora con datos obxectivos froito do coñecemento adquirido no día a día dentro da institución, que en última instancia a lexislación emanada das institucións burguesas está feita para garantir a permanencia do sistema de explotación dunha clase por outra.

Non debemos considerar a presenza nos concellos coma un fin, se non coma un medio. Un medio que nos permita ser voceiras das arelas populares e de darlles contido político tentando evitar que se convertan en simples expresións de reclamacións particulares sen contido social e sen relación coa realidade política. Un perigo este especialmente frecuente na política municipal, onde moita veciñanza considera a política neste ámbito máis relacionada coa actitude e capacidade persoal de tal ou cal representante que coas posicións políticas dos partidos. A presenza nos concellos debe ser un medio que nos facilite avanzar posicións na loita das ideas e na toma da conciencia de clase por parte das traballadoras e traballadores.

Por moito que participemos nas institucións non debemos acomodarnos unha vez chegamos a elas e considerar que o obxectivo está cumprido. Non debemos institucionalizarnos nin institucionalizar a mobilización popular. Esta é unha cuestión que debemos ter sempre presente se non queremos perdernos na simple “xestión”, un perigo moi real dada a gran cantidade de tempo e traballo que esixe moitas veces estar ao día da política municipal. Un traballo por outra parte inevitable, baixo pena de errar nas análises e propostas ou simplemente carecer de argumentos para as cuestións concretas. A nosa organización sempre se caracterizou pola seriedade dos seus argumentos e así debe seguir sendo, algo que non é contradictorio coa crítica ao sistema.

#### *As tarefas da dirección nacional na aposta polo traballo de base*

Tendo claro que o esforzo prioritario e a necesidade de fortalecemento de Esquerda Unida debe beber do traballo de base e da experiencia municipal, a Dirección Nacional de Esquerda Unida debe orientar as súas labores en materia de institucional con ese cometido.

Resulta imprescindible que desde a responsabilidade de Institucional Nacional se xere un ámbito de traballo mínimo entre concelleiras e concelleiros da organización que poida servir para socializar as experiencias nos distintos territorios e que estas enriquezan á organización tanto nos lugares onde existe presenza institucional, coma naqueles onde non a hai.

O plan de traballo desta área debe contemplar xuntanzas onde esas experiencias se poidan poñer en común e onde se poidan tratar dúbidas. Xuntanzas que poden tamén coordinarse xunto ás direccións locais para favorecer o correcto funcionamento interno en Esquerda Unida.

Ao mesmo tempo, resulta importante dar a coñecer e comezar a traballar co banco de iniciativas de Izquierda Unida, que pode servir de base tanto para axudar ás e aos nosos cargos públicos coma ás direccións locais que estean a realizar un traballo no seu concello.

A coordinación e comunicación entre a responsabilidade e nivel nacional e a nivel federal que xa se iniciou no pasado mandato, debe continuar e servir para dar traslado da información e propostas que, chegando desde os órganos federais, poidan ser de utilidade en Galicia.

Por outra banda cabe chamar a atención sobre a importancia da comunicación do traballo municipal. A dirección Nacional debe servir para promover a visibilidade do traballo a nivel local. Para iso, é imprescindible mellorar a comunicación entre as compañeiras ou compañeiros responsables a nivel local/comarcal e nacional.

A información fluída sobre a actividade nas localidades, establecer as prioridades para a comunicación externa desa actividade e o traballo conxunto en redes sociais poder servir coma ferramentas para amplificar a mensaxe local alén das propias redes de cada agrupación.

É importante dar continuidade tamén á axilidade na xestión da UAR desde a dirección nacional para facilitar as posibles altas de novas e novos afiliados. No pasado mandato cumpríuse con este traballo e é importante manter a comunicación entre responsables de organización/área interna.

Alén destas cuestións operativas, a dirección de Esquerda Unida debe promover a nivel político o traballo de elaboración colectiva e os debates políticos en torno a temas municipais fundamentais. Temos a necesidade de avanzar en posicionamentos concretos sobre cuestións que son comúns aos concellos, coma o modelo de financiamento, a xestión da axuda no fogar, o modelo de funcionamento dos servizos públicos, a política de vivenda e un longo etcétera.

Desde o punto de vista político é imprescindible tamén avaliar a situación das localidades e priorizar de xeito táctico traballo naqueles lugares onde Esquerda Unida pode obter representación institucional. A comunicación coas localidades debe ser necesariamente fluída desde as direccións para poder poñer en práctica a estratexia institucional que a organización aprobe no seguinte ciclo político.

### *Institucións municipais e traballo político para a loita obreira*

Sabemos que a institución municipal é a máis próxima e accesible a cidadanía, e polo tanto, a que nos dota de maior capacidade para achegarnos e ser un altofalante das problemáticas e mobilizacións da clase traballadora. De aí a gran importancia de que os cargos públicos de EU no eido municipal, articulen de xeito preciso o traballo institucional co traballo na loita social.

Temos que ir máis alá do obxectivo de conseguir unha representación política no Pleno do Concello que, entrando no xogo das maiorías e minorías, consiga pequenas concesións ou certas melloras nas problemáticas sociais, deixando así relegado o traballo institucional á loita polas “migallas” que o sistema ofrece a clase traballadora. Os cargos políticos municipais han de ser entendidos como o nexa entre a cidadanía e as súas reivindicacións e os espazos de toma de decisións, considerando á clase traballadora como suxeito activo de cambio, non como unicamente receptor de pequenos obsequios que apenas mudarán as súas condicións de vida a medio ou longo prazo.

Como base da nosa praxe política, EU deberá seguir apostando pola confluencia e a participación nos movementos sociais, nas forzas sindicais e noutros colectivos sociais do territorio, que nos permita estar en potenciais espazos de creación de unidade e poder popular e polo tanto, o noso traballo na institución municipal tamén terá que ser reflexo disto. Os nosos representantes políticos actuarán tamén de correa de transmisión entre a institución e os movementos sociais, poñendo a súa disposición a información a que temos acceso e levando as súas iniciativas e propostas aos espazos de toma de decisións. Deste xeito, os cargos públicos da nosa organización poderán desenvolver un importante papel no fortalecemento da capacidade de mobilización e forza organizativa das traballadoras e as súas loitas.

Polo tanto, a nosa estratexia institucional no eido municipal ten que estar relacionada coa creación dunha forza social “suficiente” que apoie e se vexa reflectida no noso proxecto, máis alá do apoio meramente electoral. Non podemos deixar que os nosos representantes subordinen a súa acción política a perda ou ganancia de votos, a nosa acción política non pode estar supeditada ao resultado electoral. EU pode, dende o municipalismo e o traballo concreto, levar a cabo unha actividade política que aspire a dar un sentido máis amplo ao ámbito da participación política, construíndo desde o local poder popular de base.

### **III: PROPOSTAS POLÍTICAS PARA A GALICIA DA CLASE OBREIRA**

#### *As condicións laborais en Galicia*

As condicións salariais e laborais xerais do conxunto da clase traballadora en Galicia veñen diminuindo de xeito paulatino nos últimos anos.

Fronte ás lecturas triunfalistas e que poñen no centro da acción política o diálogo social entre patronal, sindicatos e goberno, reiteramos a nosa aposta pola organización consciente e autónoma da nosa clase para dar a batalla de clase.

As medidas adoptadas polo goberno do estado poden semellar un importante avance para a nosa clase máis o certo é que en termos xerais, cada vez son máis os traballadores e traballadoras que viven por debaixo do limiar da pobreza no noso país, amplos sectores da nosa clase que non poden vivir dignamente da venda da súa forza de traballo. As porcentaxes de familias que viven con escasos recursos, malia ter emprego, son alarmantes, e isto é consecuencia do modelo económico e social baseado na explotación da clase traballadora e dos sectores populares.

A aposta polo sector servizos fixo que no noso país fora perdendo máis peso e potencial o sector industrial, a inacción das políticas neoliberais deixaron caer empresas estratéxicas e importantes no noso territorio, sen apostar pola nacionalización de empresas chave que sexan controladas en función dos intereses dos traballadores e traballadoras.

As políticas capitalistas levadas a cabo por PP e PSOE non supuxeron ningún paso adiante nas condicións materiais e sociais da clase obreira en Galicia, políticas que non foron orientadas para o avance real das condicións laborais nin de vida da clase traballadora.

A baixada de xornada máxima anual é unha medida de mellora para amplos sectores da nosa clase pero de pouco servirá aos centos de miles de traballadores e traballadoras que fan xornadas parciais ou teñen contratos fixos descontínuos, de pouco servirá para os miles de traballadores e traballadoras que continúan cobrando o SMI que apenas permite cubrir os gastos vitais mentres as empresas continúan a aumentar os seus marxes de beneficio, sempre a costa da explotación da nosa clase.

As melloras das condicións laborais e por tanto de vida da clase traballadora terán que vir da man dunha transformación social que faga que a clase obreira estea no centro das políticas e sexa a que tome as decisións políticas e sociais na procura dun horizonte libre da explotación de unha clase por outra.

### *O sector primario*

O rural galego mantívose historicamente configurado a partires de pequenas explotacións agrogandeiras de subsistencia nun chan moi fragmentado en mans de pequenos propietarios. Ata mediados do século XX, máis de 800.000 persoas habitaban e traballaban no medio rural en Galicia, o que favorecía unha sustentabilidade ecolóxica notable pero con moita precariedade económica derivada da falla de inversión e políticas públicas. Esta precariedade levou ao abandono masivo do campo nos últimos 60 anos, co resultado da desaparición das actividades que mantiñan o territorio humanizado e equilibrado.

Hoxe en día o territorio de Galicia divídese en tres grandes zonas, un rural urbanizado e forestado, que se estende polo Eixo Atlántico e outras áreas costeiras e periurbanas. Existe un rural activo, onde a terra está destinada sobre todo a un uso agrogandeiro, de cultivo e pastos; e por último apréciase un rural abandonado, onde predomina o mato e a masa forestal de crecemento espontáneo e sen ningún tipo de xestión.

En xeral, a serie histórica de produción agraria de Galicia amosa considerables diminucións en practicamente tódolos cultivos dende 1999 como o trigo (-38,26%), pataca (-34,46%), centeo (-24,56%), millo de gran (-20%), sendo o millo forraxeiro o único cultivo que experimentou un aumento significativo de case un 30% na súa produción.

Nas causas desta baixada importante das producións agrarias tradicionais de Galicia, enmarcado nas tendencias históricas de abandono do campo, conflúen varios motivos, sendo os principais a baixa rendibilidade do produto, do encarecemento dos insumos e da competencia de produtos foráneos. Neste senso hai que recordar que a entrada na UE e nos mercados globalizados non fixo máis que acrecentar os problemas tradicionais do campo galego.

O sector pesqueiro, a pesares da súa tradicional importancia para Galicia, foi reducindo nas últimas décadas a súa importancia no conxunto do PIB de Galicia. Se no ano 2000 representaba o 2,4% da economía galega, no 2022 soamente chegaba ao 1,8%. Aínda así, a súa relevancia na economía de Galicia aínda é importante, sobre todo nas economías dos concellos máis vinculados ao mar coma poden ser os da Ría de Arousa ou os de Burela e Viveiro, onde a pesca representa o 19% 13,4% da súa economía respectivamente.

A economía das rías estruturase con base nas capacidades produtivas do sector acuícola, pesqueiro e do marisqueo, así como nas relacións de produción asociadas ao estado deses sectores.

En Galicia existen máis de 3.000 explotacións bateirais, a maior parte de propietarios familiares (2.400 propietarios) que dan emprego a 11.500 persoas (17,5% da poboación activa), sen contar os postos indirectos. En Galicia cultiva-se o 50% da produción mundial, con 270.000 tm. A ría de Arousa representa o 70 % destas instalacións en Galicia, o que da unha idea da importancia que o sector representa na economía da comarca.

A pesca artesanal ou pesca de baixura, é a segunda actividade en importancia económica dentro das rías. Podemos dividila en sectores en función da súa actividade : o cerco, o arrastre, as redes de enmalle e outras artes menores como as nasas. Cada unha das artes adícase a unhas determinadas especies : o cerco ao peixe azul (sardiña, xurel e rincha), o arrastre á vieira e volandeira (só por tempadas), as redes de enmalle a moita diversidade de peixe, fundamentalmente de rocha, e as artes menores como as nasas ou o truel ás nécoras, centolas e camaróns, dependendo da tempada tamén. As embarcacións obteñen licencias para determinadas artes en función da súa adaptación a elas, de xeito que unha embarcación con permex para artes de enmalle non pode adicarse, por exemplo, a arrastre.

Debemos diferenciar claramente o cerco das demais artes, xa que neste sector predominan os barcos grandes propiedade de armadores (individuais ou sociedades), con tripulación de dez ou doce persoas asalariadas en situación de bastante precariedade, onde se observa un incremento acentuado de poboación inmigrante.

Unha última clasificación dos empregos no sector do mar, son a xente do marisqueo, a pé e a flote. O marisqueo a pé componse basicamente de mulleres que explotan as praias concesionadas ás confrarías, e o marisqueo a flote desenvólvese en embarcacións pequenas, de un ou dous tripulantes dotados do correspondente permex ou permiso de explotación tamén en áreas de concesión das confrarías ou, en determinadas épocas, en zonas que a administración abre para o libre marisqueo.

Neste sector é onde se está a notar en maior medida a baixada de produtividade nas rías, baixada que a administración non está a explicar debidamente, escudándose no “cambio climático”, pero onde se pode intuír como causas máis importantes as asociadas á contaminación tanto industrial (industrias, minería), como agrícola (plantacións de albariño) e humana (baixo dimensionamento das depuradoras). Actualmente a maior parte das mariscadoras atópanse en cese de actividade por baixa produtividade e cobrando axudas da administración, non prevéndose ningún cambio nun futuro próximo, xa que os estudos de mostra que se realizan nas praias non son optimistas.

O pasado mércores 11 de decembro de 2024, os ministros de pesca da UE acordaron o reparto de cotas de pesca asignadas a cada país para o ano 2025. Cada ano repítese a mesma negociación que determina a cantidade que cada país pode pescar de cada especie.

Estas cotas veñen determinadas pola sustentabilidade biolóxica de cada especie a través de complexos estudos periódicos que indican as cantidades razoables de extracción permitida, para que non alteren a súa reprodución e non se produza diminución nas poboacións.

No reparto conflúen un conxunto de intereses enfrontados : cada país buscando maiores cotas para manter a actividade das súas empresas pesqueiras, os intereses da UE nas negociacións con outros actores como UK, onde están os caladoiros do Gran Sol que alimentan a frota do

Cantábrico e de Galicia, ou con Noruega, para a pesca do bacallau, ademais da NAFO para a pesca en Terranova.

Nunha situación de economía capitalista, nunha Europa dominada polo neoliberalismo, depredadora de recursos para a maximización de beneficios, hai que congratularse de que sigan existindo controis bastante estritos sobre a perdurabilidade das especies que determinan recortes a veces absolutos sobre as pesqueiras

Defendemos a planificación integral do territorio atendendo ás cualidades propias de cada zona a fin de favorecer a integración de actividades económicas sustentables no entorno, con prevalencia e respecto dos usos tradicionais. A planificación dos diferentes sectores do territorio debe ter unha visión de conxunto. Por exemplo non podemos entender as rías sen tomar en conta o sistema fluvial que as alimenta ou determinadas zonas con especialización gandeira e leiteira sen considerar un desenvolvemento en base a recuperación de pastos de calidade para o necesario fomento da gandaría extensiva

É preciso o abandono das lóxicas capitalistas, xa que supoñen un lastre para o desenvolvemento sustentable. Cando o sector se instala en lóxicas economicistas e cando desde o mundo do consumo procúrase soamente o máis barato, que é a estratexia das grandes cadeas de alimentación orientadas maioritariamente a unha poboación empobrecida e de baixo poder adquisitivo, aparece unha situación de precariedade nos dous extremos da cadea, a produción e o consumo.

No ámbito forestal débese fomentar a erradicación do eucalipto e substituílo con especies de alto valor engadido, buscando a recuperación da produción froiteira e tamén a recuperación da tradicional industria do moble, de gran importancia en anos pasados.

### *Industria*

A industria galega representa só o 18% do PIB nacional e afronta diversos retos estruturais. Entre estas problemáticas destaca a dependencia de decisións e tecnoloxías exteriores nos sectores manufactureiros, o baixo uso industrial de materias primas importantes como o granito e os recursos forestais, unha excesiva orientación cara á exportación de produtos con pouco valor engadido e un predominio das pemes nos sectores que requiren unha maior capacidade de innovación.

O sector industrial galego experimentou un crecemento do 2,5% en 2023, superando en sete décimas a media nacional, aínda que a industria manufacturera creceu un 1,7%, menos da metade que en España (3,3%). O valor engadido bruto (VAB) industrial alcanzou os 12.303,3 millóns de euros, o que supón o 16,2% do PIB galego, sendo a manufactura que achegou o 11,5%. En materia de emprego, o sector industrial rexistrou un incremento das afiliacións do 0,9%, chegando ás 146.574 persoas, das que 135.806 corresponden á industria manufacturera. Os incrementos máis salientables foron a fabricación de vehículos, a reparación de maquinaria e a produción de roupa, mentres que sectores como a produción de cortiza e produtos plásticos rexistraron descenso.

O Índice de Producción Industrial (IPI) presentou un crecemento do 0,8% en Galicia, en contraste coa caída do 1,4% en España. Os bens de capital e enerxéticos lideraron este crecemento, mentres que os bens intermedios e de consumo descenderon. A industria manufacturera galega contraeu un 1,7%, con importantes descenso en artes gráficas, produtos informáticos e

metalurxia. Non obstante, sectores como o moble e a fabricación de vehículos a motor mostraron un comportamento positivo. En canto ás vendas, a industria manufacturera galega aumentou un 19,8%, destacando os sectores da alimentación e do automóbil, que supoñen o 24% e o 18,1% do total, respectivamente.

A situación nótase especialmente en sectores estratéxicos como o naval, que sufriu os efectos da reconversión industrial que esixe a Comunidade Europea e que na actualidade funciona fundamentalmente como "fábrica de montaxe". Tamén é relevante o caso da produción de aluminio, onde a privatización do INESPAL e a súa venda a Alcoa en 1997 provocou unha situación de dependencia exterior, tendo en conta que o 80% do consumo español de aluminio procede das importacións. O sector das enerxías limpas, con casos como Vestas e T-Solar, tamén se enfronta a ameazas de deslocalización a pesar de ter recibido importantes subvencións públicas.

Parte da solución a curto prazo pasaría pola creación dun conglomerado de empresas públicas en sectores estratéxicos, que debería caracterizarse por ser dinámico (enfocado a sectores con alta innovación), integrador (capaz de crecer vertical e horizontalmente) e sostible. Este conglomerado debería desenvolverse aproveitando as potencialidades e infraestruturas existentes en Galicia, centrándose especialmente en dous sectores fundamentais: a produción de aluminio (aproveitando as instalacións de San Cibrao e Coruña) e o naval (con énfase nos hubs de Ferrol e Vigo).

Para o sector naval, de especial importancia dada a realidade galega, debería elaborarse unha política pública forte, centrada nas seguintes directrices: a diversificación da produción afastándose do foco no sector militar, o apoio do sector financeiro público á modernización tecnolóxica, o desenvolvemento dun plan de fomento da I+D que inclúa a industria auxiliar, e a creación dun observatorio tecnolóxico. Ademais, resultaría relevante avanzar na especialización na produción de embarcacións específicas (como buques mineiros mariños, fábricas de procesamento de residuos mariños e buques oceanográficos), así como o posicionamento de Galicia como punto nodal do transporte marítimo de curta distancia europeo.

### *Sanidade*

Nos últimos catro anos a Sanidade Pública continuou adoeecendo das mesmas problemáticas que impiden, de xeito estrutural, a súa mellora. Os orzamentos adicados pola Xunta ao sistema sanitario atópanse estancados, con subas que non amortecen o ascenso do IPC (menos dun 1% para 2025) e que manteñen investimentos moi semellantes en materia de persoal sanitario que en anos previos.

Son precisamente esas carencias de persoal sanitario as que lastran de xeito principal o acceso ao dereito á saúde para a clase traballadora. Por unha banda porque o elemento central do sistema que é a atención primaria permanece dotado por debaixo das necesidades, sen cobertura das ausencias e con moitas dificultades para dar continuidade á asistencia, especialmente no rural galego. E por outra banda, porque na atención hospitalaria un grande número de servizos ten persoal insuficiente para facer fronte ás listas de agarda.

Son, en primeira instancia, esas enormes listas de agarda, sinaladas de xeito continuo polos informes do Consello de Contas, as que permiten ao Partido Popular xustificar o mantemento das privatizacións na sanidade pública. Na actualidade a *drenaxe* de orzamentos públicos cara

a sanidade privada atópase en máximos históricos, supoñendo máis de 220 millóns de euros ao ano, sen ter en conta o orzamento adicado a empresas de servizos.

No ano 2024 a Xunta renovou diversos concertos sanitarios, entre eles o histórico acordo con POVISA (agora centro propiedade de Ribera Salud) que custa 100 millóns de euros ás galegas e galegos. Igualmente as listas de agarda serviron para licitar importantes contratos de derivación, coma no caso de Ourense, recoñecendo a Xunta non ser quen de abordar a espera actual.

Estas carencias de persoal, responsables dun empeoramento da calidade nos servizos sanitarios, son froito da inexistente aposta por crear e manter prazas públicas de emprego con carácter estable e dunha política de contratación que tras anos de precarizar ao persoal sanitario, rematou expulsándoo do sistema.

Para Esquerda Unida a solución pasa a curto, medio e longo prazo por incrementar a oferta pública de emprego, favorecer os contratos de longa duración, mellorar os salarios e garantir os dereitos do persoal, especialmente do eventual, sen o que non é posible cubrir as ausencias do persoal fixo. Con máis calidade no emprego, comezase a frear a fuxida das e dos sanitarios cara a empresa privada e cara outros sistemas e poderase planificar as necesidades da poboación con máis recursos. A mellora nas rateos de persoal é tamén imprescindible para eliminar os concertos coas entidades privadas, precisando que a sanidade pública teña capacidade de asumir a totalidade da poboación galega.

Alén destas problemáticas estruturais, existen no sistema sanitario público necesidades obxectivas de mellora en canto á cobertura de servizos prestados. Un exemplo claro é a situación da atención á saúde mental no noso país, francamente insuficiente. A alza no consumo de ansiolíticos e antidepressivos no noso país é o reflexo dos estragos que o sistema capitalista e a súa precariedade socioeconómica causan na clase traballadora. Segundo a Universidade de Santiago de Compostela, o consumo de hipnosedantes tense incrementado en Galicia un 200% desde 2005, sendo as persoas desempregadas e as mulleres de mediana idade as que máis os consumen. Evidenciándose non só un compoñente de clase, se non tamén de xénero. Ademais, hai cada vez maior consumo de ansiolíticos entre a mocidade adolescente, non só de xeito prescrito, senón como droga, non de uso recreativo, senón como vía de escape e desconexión ante situacións vitais estresantes ás que non son quen de afrontar e as institucións públicas non lles dan resposta.

O cadro do consumo de fármacos para ansiedade e depresión complétase cos datos para o acceso a un profesional da psicoloxía na sanidade pública: ata un ano de espera nalgunhas áreas para acceder á primeira consulta.

Esquerda Unida defende a necesidade de abordar este grave problema desde a ampliación dos recursos sanitarios en saúde mental e desde unha correcta atención social ás persoas vulnerables, pois moitos destes problemas de saúde mental veñen derivados da precaria situación social e da falta de cobertura das necesidades básicas destas persoas.

Os innumerables problemas da sanidade pública precisan así mesmo dun traballo político por parte da nosa organización. Nos últimos anos as experiencias de participación nas plataformas sanitarias foron diversas. E se ben en moitos casos a incidencia real na mellora da situación sanitaria é limitada, constitúen a principal ferramenta de intervención social no conflito relacionado coa sanidade. Esquerda Unida debe seguir apostando pola participación e apoio á súa actividade, tratando tamén de axitar e visibilizar os conflitos concretos de acceso ao dereito á saúde.

## *Políticas de cuidados*

O noso país envellece a marchas forzadas. A poboación maior de 65 anos en Galicia representa xa un 26,3% do total. Sen embargo, non existe unha planificación que dote de recursos suficientes para ofrecer cuidados ás persoas que o precisan e que contemple o progresivo ascenso no número de persoas maiores.

A realidade é que pese a que a poboación de persoas maiores supera un cuarto do total, só o 4,3% ten acceso a un Servizo de Axuda no Fogar e Galicia tan só conta con 3 prazas residenciais por cada 100 habitantes, sendo a maioría destas concertadas con empresas. Só unha de cada catro residencias en Galicia é pública, froito dunha política de dereitas que privatiza os cuidados.

A privatización deses cuidados tradúcese nunha peor calidade dos mesmos, con residencias e centros de día con persoal insuficiente e cuns servizos de axuda no fogar que non cobren a demanda de axuda real. Como consecuencia son, no mellor dos casos, as familias as que asumen a totalidade deses cuidados, sendo as mulleres as principais afectadas por esa carga.

Existe no noso país unha realidade que afecta a milleiros de mulleres, imposibilitando a súa vida social e laboral e impedindo que saian das súas casas, especialmente no rural, por estaren suxeitas aos cuidados 24 horas que precisa unha persoa dependente. Esta realidade incide na feminización da pobreza, dado que a imposible vida laboral destas mulleres condénaas a sobrevivir con pequenas axudas públicas.

É imprescindible a articulación dun sistema público de cuidados, dotado con máis orzamentos e preparado para asumir o paulatino envellecemento da poboación. Un sistema que contemple a construción de residencias, centros de día e fogares residenciais de pequena ocupación e integradas na comunidade, para adaptarse á distribución de poboación en Galicia e aos diferentes graos de dependencia.

Igualmente, Esquerda Unida entende que o Servizo de Axuda no Fogar non pode depender da suficiencia dos concellos. É preciso entender este servizo coma estratéxico, xa que permite ás persoas manter a autonomía no seu fogar durante máis tempo, previr o deterioro cognitivo e físico e evitar a necesidade de máis prazas residenciais. A xestión debe ofrecerse desde o público, con suficiente financiamento por parte da Xunta e da administración central que permita dotalo de máis horas, dando cobertura cando menos a tódalas persoas dependentes de grao III e II e traballando para alcanzar tamén ás de grao I.

Por outra banda, a xestión pública do Servizo de Atención no Fogar, terá que permitir que as traballadoras teñan unhas condicións laborais dignas, con remuneracións acordes á dedicación e esixencia do seu traballo. Trátase dun sector altamente feminizado e precarizado, no que moitos dos Concellos teñen privatizada a súa xestión. A obtención de beneficios económicos por parte da empresa privada no sector dos cuidados acentúa aínda máis, as precarias condicións laborais e, consecuentemente, favorece tamén que se vexa afectada a calidade do servizo prestado aos usuarios e ás usuarias.

A mellora no servizos e o incremento de prazas públicas en centros de día e residenciais debe ir encamiñado a eliminar de xeito progresivo os concertos privados, con centros onde a miúdo o persoal escasea co obxecto de obter máis beneficios económicos. É imprescindible na mesma liña, recuperar a xestión privatizada dos centros de titularidade pública.

No mesmo sentido, Esquerda Unida defende a necesidade de ampliar a rede pública de escolas infantís, reducindo a dependencia da privada e dos “bonos cuidado”, dando estabilidade ao

precario persoal das Galiñas Azuis e adecuando os horarios ás realidades laborais das familias galegas.

En materia social, Esquerda Unida defende tamén a necesidade de modificar dunha vez por todas a Lei para permitir a compatibilidade da actual RISGA con outras axudas coma o IMV. Resulta vergoñento que a Xunta estea “aforrando” varias decenas de millóns de euros na partida da RISGA, dado que moitas persoas empobrecidas ante a incompatibilidade destas axudas, escollen a percepción do IMV por ser este de maior contía.

A abordaxe do incremento da pobreza no noso país ten que tratarse desde as medidas relacionadas co emprego e a vivenda, pero tamén modificando a actual RISGA para obter unha renda verdadeiramente inclusiva que axude non só a superar a situación de emerxencia dunha persoa empobrecida, se non a poder atopar traballo ou estudos axeitados. Nese sentido resulta imprescindible incrementar o cadro de persoal de traballo social da Xunta e dotalo de máis ferramentas na orientación laboral e educativa.

### *Ensino*

No relativo á educación, apenas se produciron avances significativos durante os últimos anos. Máis ben ao contrario, asistimos a unha agudización de certas problemáticas, ben pola inacción das administracións ou pola aplicación de políticas afastadas das demandas trasladadas por parte de importantes sectores da comunidade educativa. Vivimos ademais unha crise acelerada da cultura e a lingua galega, que ten o seu reflexo no ámbito educativo e que é froito dunhas políticas públicas que profundan nun proceso castelanizado, que terminan por minar a forza social e comunicativa da cultura e o idioma propio do noso país, tal e como sinalan os datos recentemente achegados polo Instituto Galego de Estatística.

Neste sentido, os recortes que afectaron profundamente o ámbito educativo non universitario a partir de 2009 non foron revertidos na súa totalidade. Algúns avances foron dados en 2023, uns meses antes das eleccións galegas, que quedaron plasmados na firma dun acordo entre Xunta e os sindicatos CCOO, ANPE e UXT. Aínda que se avanzou en cuestións importantes, aínda quedan outros elementos fundamentais nos que non se produciu avances concretos, como a recuperación do horario lectivo do profesorado previo aos recortes (21 horas en Infantil, Primaria e Educación Especial e 18 no resto de ensinos), a redución de cocientes na Educación Secundaria, a FP e nos Ensinos de Réxime Especial, a redución da interinidade e a estabilización deste persoal, unha verdadeira redución da burocracia docente, entre outras cuestións.

Todo iso, nun contexto de continua privatización e mercantilización da educación no que se pretende incorporar ao ensino público prácticas e condutas típicas das empresas privadas, afectando isto á propia aplicación dos currículos -especialmente aos enfoques metodolóxicos que promoven un determinado tipo de ‘cidadán neoliberal’-, ás posibilidades de conexión dos centros educativos coa súa contorna próxima, ao potencial transformador da educación, ao tratamento do alumnado como clientes e ao menosprezo do principio da xestión democrática dos centros, entre outros aspectos.

Neste marco educativo galego, desde EU reafirmámonos na defensa dun sistema educativo público, galego, democrático, laico e inclusivo coa escola pública como eixo central e único garante da igualdade de oportunidades, a equidade e a inclusión social e educativa. Desde esta premisa crave da educación como dereito, fronte aos postulados neoliberais da educación como servizo de mercado e da concertación educativa que produce un modelo segregador, apostamos

por frear calquera novo intento de privatización da educación, así como revertir os procesos privatizadores que se deron no ámbito educativo nos últimos anos.

Esta posta en valor da educación pública esixe, como non pode ser doutra forma, que se avance no recoñecemento das traballadoras e traballadores da educación partindo dunha mellora das condicións laborais do conxunto do persoal docente e non docente, así como unha mellora do financiamento público con carácter estrutural que garanta o desenvolvemento destas medidas no medio e longo prazo. Isto debe vir acompañado tamén dun proceso de revisión das políticas destinadas á atención do alumnado con necesidades educativas, debido a que son moitos os centros educativos en toda Galicia que consideran insuficientes os recursos con que contan para garantir unha adecuada atención educativa á diversidade do alumnado presente nas aulas.

De igual modo, e co obxectivo de defender a lingua e a cultura galega, deben sentar as bases para un novo consenso social e político que supoña a derogación do actual 'Decretazo' de Plurilingüismo que, tal e como xa sinalamos en 2010, demostrou ser un verdadeiro ataque ao galego como lingua viva e de cultura. Ademais, a realidade galega esixe avances concretos na defensa da escola rural que garanta un necesario equilibrio territorial e demográfico. Para iso é imprescindible que, de maneira global, se aborde un plan educativo específico que corrixa o abandono do rural, o peche de aulas e que, por tanto, sirva para fixar poboación e ofrecer máis e mellores oportunidades educativas e culturais no rural.

Por último, neste apartado educativo, habemos de facer mención á nova realidade dixital que tamén se vive nos centros educativos galegos. Nos últimos anos realizouse un gran investimento na adquisición de novas ferramentas dixitais, en boa medida a través de fondos europeos, que, por desgraza, desenvolveuse sen contar coa participación do profesorado e da comunidade educativa. É fundamental que este novo desenvolvemento dixital leve a cabo atendendo ás necesidades educativas dos centros e non en base a intereses empresariais ou a ideas preconcebidas. Do mesmo xeito, deberase garantir por parte das administracións públicas as necesarias avaliacións periódicas dos plans postos en marcha, como *Edixgal*, *Polos Creativos* ou outros similares, para garantir que estes permiten unha aprendizaxe integral e equilibrada do alumnado e, ademais, garanten un uso crítico, consciente e sostible das novas tecnoloxías.

### *Política enerxética*

O sistema capitalista, ao basearse no fomento da produción como medio para propiciar a acumulación de capital, é o causante da crise ecolóxica. Agora, a clase capitalista, a través da UE, pretende facerlle fronte mediante o impulso das enerxías renovables sen ter en conta o necesario cambio do modelo produtivo e de consumo, reincidindo así no fomento do consumo de recursos naturais limitados: en lugar de solucionar, intensifican a crise ecolóxica. Os capitalistas están a aproveitar a alarma social para o seu propio beneficio, fomentan a produción e explotación privada de instalacións de enerxía renovable para reducir as emisións de GEI, pero obvian os problemas que forman parte da propia natureza do sistema capitalista (consumo incontrolado, esgotamento de recursos, depredación dos bosques) ou que non poden usarse para favorecer a acumulación de capital e son tratados como externalidades (perda de biodiversidade, escaseza de auga, xeración de residuos).

Actualmente, o impulso dos proxectos de enerxías renovables recae na iniciativa de promotores privados, baixo a supervisión da administración. Este proceder significa trasladar o modelo caótico que impera no sistema capitalista á ordenación do territorio. O proceso debe ser o contrario, planificar desde a administración a implantación dos proxectos en todo o territorio atendendo ao interese público; considerando todos os aspectos de carácter ambiental, a súa relación cos sectores produtivos e as consecuencias sociais.

A transición enerxética do sector eléctrico é un proceso na actualidade dirixido polas normas do capitalismo sen máis análise que as contas de resultados e os prazos de amortización dos investimentos. A situación esixe unha planificación a longo prazo na que se teñan en conta cuestións tales como os límites de cada tecnoloxía, o impacto ambiental e socioeconómico das centrais de nova construción, o tamaño das centrais, a estabilidade da rede etc. Dita planificación é inviable empregando ferramentas como a fiscalidade ou a creación de mercados ficticios como os do CO<sub>2</sub>, esixe a xestión pública do proceso e cambios no patrón de consumo da sociedade.

Defendemos a redución do uso de combustibles fósiles. Con todo, é un erro considerar que a solución ao ocaso dos combustibles fósiles reside no incremento das coñecidas como enerxías renovables, que son renovables respecto a súa fonte primaria (sol, vento, correntes de auga etc.), pero que para as súas postas en marcha precisan de grandes cantidades de recursos naturais procedentes da minería, algúns dos cales xa mostran signos de esgotamento similares aos do petróleo. A isto hai que engadir que ditas tecnoloxías de xeración enerxética circunscríbense principalmente á xeración de electricidade, e que o consumo eléctrico supón menos dunha cuarta parte do consumo enerxético total. Que facer pois con máis do 75% de enerxía que se consume principalmente por consumo directo dos combustibles fósiles?

Entendemos a importancia da contribución das enerxías renovables ao modelo enerxético, pero é consciente de que son tecnoloxías que non poden substituír por si mesmas o consumo actual de combustibles fósiles; non podemos caer no discurso do mito tecnolóxico ou do progreso científico que está a proxectar o capitalismo, e cuxo obxectivo é manter unha dinámica de consumo de recursos naturais que permita o crecemento continuo e a acumulación de capital.

O noso modelo enerxético baséase na propiedade pública do sector enerxético, na redución da dependencia e importación dos combustibles fósiles, na planificación do proceso de transición enerxética, na modificación dos sectores consumidores de enerxía e en garantir o acceso á enerxía da clase traballadora e a sustentabilidade ambiental a través dun cambio profundo dos modos de produción e distribución dos recursos que implicaría necesariamente a superación do capitalismo por un sistema socialista.

### *A vivenda*

As políticas de vivenda que vimos sufrindo dende fai máis de 60 anos, déixanos unha situación na que as vivendas están principalmente en réxime de propiedade, por diante do alugueiro. Esta tendencia, que vai mudando paulatinamente no Estado español, sobre todo dende a crise das hipotecas do 2008, continua a ser forte en Galicia, onde nos encontramos cun 75% da vivenda en réxime de propiedade.

A meirande parte destas vivendas en Galicia son de pequenos propietarios, sendo os grandes propietarios a Xunta de Galicia, o SAREB e en moito menor proporción, algúns fondos de inversión que comezan a introducirse no mercado. A diferenza doutras partes do Estado, só un 3% das vivendas en alugueiro pertencen a grandes propietarios, o que fai que a nosa problemática difira da de outras zonas máis masificadas.

Mentres tanto, Galicia ten as dúas provincias con maior taxa de vivendas baleiras e as catro están nos primeiros postos en número de vivendas desocupadas. Mentres que nos casos de Lugo e Ourense isto é debido, principalmente, ao abandono e despoboamento das zonas rurais ou a obsolescencia de edificios moi antigos, nas provincias de Coruña e Pontevedra abundan as segundas vivendas ou aquelas destinadas ao alugueiro vacacional, que nos últimos 5 anos multiplicáronse por 3.

Así mesmo, o número de demandantes de vivenda de protección en Galicia alcanza cifras récord, o que indica unha oferta moi inferior á demanda realmente existente.

Neste contexto, os potenciais inquilinos atópanse con moitas dificultades á hora de acceder a vivenda. A falta de oferta, o aumento de desafiuzamentos por impago do alugueiro, que en 2024 xa representaron o 80% do total, ou o tratamento desproporcionado e sesgado por parte dos medios da ocupación, permiten aos propietarios esixir requisitos fora da legalidade. A isto súmase que o prezo da vivenda en alugueiro sufriu un aumento do 32% nos últimos 5 anos.

O destino das vivendas a alugueiro turístico, cunha taxa de beneficio moito maior, fai que agora mesmo atopemos 7 veces máis vivendas destinadas a este negocio que ao alugueiro convencional. Isto supón un grave problema de acceso á vivenda para os traballadores, pois reduce o número de vivendas dispoñibles e fai aumentar o seu prezo.

O problema afecta especialmente a mocidade, que é o sector da poboación onde o alugueiro é máis común e que ve como a súa capacidade de emancipación se reduce, como se reflexa nas baixas taxas de emancipación, que no ano pasado situábanse no 16%.

Con este aumento dos prezos da vivenda en alugueiro, que fai que os galegos dediquen de media o 33% dos seus ingresos ao alugueiro, sumado ao encarecemento xeral do custo da vida, que non foi paliado debido a unha subida insuficiente dos salarios nos últimos anos, deixa aos traballadores nunha situación de precariedade e as modificacións das leis de vivenda, que pretenden paliar o problema, son insuficientes e ineficaces e o serán mentres prime a consideración da vivenda como un ben de mercado sobre o que facer negocio.

Entendemos a vivenda como un ben necesario para a vida e por isto, reclamamos o fin dos desafiuzamentos sen alternativa habitacional.

Precísase máis vivenda de alugueiro social. A vivenda deber ter un custo adecuado aos ingresos de cada unidade familiar, e isto debese concretar en que as rendas non poden superar o 30% dos ingresos.

Para isto, propoñemos a combinación de 3 accións. Por unha banda, facer efectiva a expropiación do uso das vivendas baleiras en mans do sector financeiro e inmobiliario, no noso caso, especialmente as da SAREB. En segundo lugar, a creación dun programa de mobilización e captación da vivenda baleira de particulares, mediante incentivos. E, por último, a rehabilitación de edificios públicos sen uso, para a súa inclusión no parque público de vivenda de alugueiro social.

#### **IV: RECUPERAR O TRABALLO AUTÓNOMO DE ESQUERDA UNIDA COMO CONDICIÓ PARA UNHA ACCIÓN POLÍTICA NON SUBORDINADA**

##### *Unha Esquerda Unida posicionada nos conflitos nacionais*

Como xa se sinalou, a organización sufriu un proceso de crecente baleirado e paralización durante os últimos doce anos. O baleirado refírese á crecente incapacidade e falla de vontade para tomar posicións nos principais conflitos do país ou, nos mellores casos, a toma de posicións superficiais sen unha análise colectiva fonda. A paralización é a consubstancial decaída da actividade militante froito dese baleirado.

Unha prioridade para os vindeiros catro anos é fortalecer a nosa capacidade de elaborar posicións políticas nos principais conflitos que emerxan no país. Isto esixe ter unha dirección atenta ás dinámicas sociais de Galicia, capaz de identificar os eventos e procesos con impacto significativo para a clase obreira, permitindo que sexa a realidade social a que marque a axenda

política da organización, en lugar dos intereses persoais da militancia. Ademais, deberá ter a capacidade de xerarquizar a relevancia dos conflitos, distribuindo esforzos de forma xustificada. Ao mesmo tempo, deberá ser quen de poder distribuír o traballo de elaboración política entre toda a militancia, aproveitando as capacidades concretas de certas persoas e facilitando a súa activación na acción da nosa organización. Para isto, é fundamental que a dirección coñeza a militancia de base. Ao mesmo tempo, a militancia de base debe asumir o compromiso de elaborar posicións cando así se estime por parte dos órganos de dirección: a militancia activa, condición de éxito da nosa acción, require disposición por parte de toda a afiliación e non é unha esixencia que se poida acadar se se delega todo o traballo na dirección. Estas consideracións aplican tanto ao nivel nacional como ao nivel comarcal e local.

En calquera caso, a capacidade de elaborar posicións políticas é só un dos elementos centrais dunha militancia axeitada. Esta elaboración política debe vir acompañada da inserción nos propios conflitos e a capacidade de dirección da acción directa dos e das traballadoras e as loitas populares. A nosa militancia sindical, veciñal, feminista, ecoloxista, etc., debe ser quen de inserirse nos conflitos existentes e ser parte activa da acción directa.

Entre elaboración política e acción directa existe unha relación dialéctica: a elaboración política permite identificar un propósito para a acción mais, á súa vez, a acción permite afinar e concretar ese propósito atendendo á realidade concreta na que despregar o traballo. Por iso ambos elementos son necesarios para fortalecer a cantidade e a calidade da nosa actividade como organización. Resulta necesario resaltar que a participación na acción directa das masas nos conflitos e movementos sociais ofrece unha perspectiva privilexiada da realidade da clase obreira e as capas populares, permitindo así ter un coñecemento situado axeitado á realidade e fuxindo de consideracións abstractas, contemplativas e esóxenas. Discorrer sobre as necesidades da clase obreira sen participar da súa situación ou propoñer medidas políticas sen contar coa participación e a acción das masas promoverá a visión de que somos un ente alleo que trata de impoñer solucións a un grupo social do que non formamos parte.

### *Autonomía política como esixencia; converxencia como opción*

Sen renunciar á idea da converxencia, esta debe poñerse enriba da mesa cando se dean as condicións para chegar a ela. A converxencia en si mesma non é boa se unicamente se utiliza para a suma de votos, creando distintos aparatos electorais heteroxéneos, a toda presa e sen ter claro o proxecto, uns meses antes das eleccións.

Antes de chegar a traballar na converxencia debemos preguntarnos se isto vai a supoñer un avance nos nosos obxectivos máis alá do puramente electoral. Se esta converxencia vai a servir para avanzar posicións no conflito contra a ideoloxía do capital, para xerar conciencia e para fortalecer ás clases populares conscientes da necesidade de organizarse para confrontar coas clases dominantes.

Pola contra, se a converxencia vai a supoñer renunciar aos nosos principios coma a superación do capitalismo cara a un sistema socialista, o antiimperialismo, a igualdade, a solidariedade ou a auténtica democracia, por moitos votos e cargos públicos que academos, non estaremos avanzando nos nosos obxectivos, se non retrocedendo cara ás posicións dos nosos inimigos de clase. E este é un perigo real a día de hoxe dadas as mil artimañas que o capital utiliza para dividir e debilitar ás clases populares.

Por iso é fundamental que contemos cunha proposta política propia que presentar ante os outros actores sociais. Debemos ter claros os nosos obxectivos e que queremos dos procesos de

converxencia, procesos nos que non debemos nunca chegar a acordos se estamos en situación de debilidade organizativa e de proposta política.

Por suposto, non negamos que fora de EU e do PCG existan persoas e organizacións de esquerda coas que poidamos chegar a converxer, pero é necesario que esta converxencia non se leve adiante ao calor da urxencia electoral, se non coma consecuencia do traballo de acción e apoio ás masas populares. A proposta político- institucional debe traballarse de forma permanente e independente dos procesos electorais, de xeito que o feito de tomar a decisión de converxer electoralmente nunhas eleccións sexa un proceso ao que chegamos de forma natural, dentro de certa homoxeneidade ideolóxica e froito do traballo previo por unha converxencia real.

## **V: RELANZAR ORGANIZATIVAMENTE O TRABALLO DE BASE**

### *Balance e retos para resituar a militancia no centro*

Non cabe dúbida de que, a nivel interno, a consecuencia fundamental deste último ciclo foi o xurdimento dunha importante desafección entre a militancia, evidenciado con cada novo paso dado no eido institucional, que se manifesta nos problemas recorrentes de participación e as baixadas cíclicas de afiliación.

A falta de participación da militancia nas decisións adoptadas, que cada vez profundaban máis nun distanciamento entre a militancia e a súas direccións, e mesmo entre a militancia e a súa propia organización, asentou a visión xeneralizada de que o traballo de base carecía de influencia no debate, negociacións e, sobre todo, nas propias dinámicas xerais da organización. A militancia, en tanto instrumento organizado de acción colectiva, acaba por resultar innecesaria cando a centralidade pasa da intervención político-social a espazos representativos limitados electorais e institucionais.

Esta fórmula, que se impuxo á influencia da militancia na adopción de decisións na cuestión electoral, e que se traduciu nunha clara apatía da militancia, viña tamén marcada pola disociación entre os ámbitos de intervención nos que a militancia tiña capacidade de acción e a axenda política xurdida de ditas negociacións. A estas fendas no plano ideolóxico, fundadas nas carencias programáticas e inestabilidades dos proxectos, súmase o escaso aliñamento do cadro de prioridades inmediatas e os ámbitos de socialización e vida das e dos militantes. A relevancia do traballo de corte local devén, entre outros, da facilidade por inserirse nas dinámicas sociais dos afiliados e simpatizantes de Esquerda Unida, dende a vida no barrio á actividade sindical ou feminista, entretecendo militancias e promovendo que o militante sexa un suxeito activo na cotiandade común como organización.

No mantemento do traballo militante tivo tamén unha negativa repercusión a introdución de formas de organización alleas á nosa cultura política (democracia plebiscitaria, primarias, etc.), canto menos, sen os debidos contrapesos deliberativos. Sendo certo que non pode abordarse desgaxado da debilidade das asembleas, si parece que a dixitalización da participación, máis que favorecer a súa extensión o que está é a xerar fatiga e desapego, incentivado ademais a imposición de lóxicas competitivas nos procesos de debate consubstanciais á disgregación interna e á internalización do traballo.

Fronte a unha problemática organizativa destas dimensións, é preciso que a organización se centre no fortalecemento do seu valor fundamental, a militancia, da súa participación e aporte ao debate interno, recuperando o seu papel na construción da liña política, na adopción colectiva das decisións e, sobre todo, na súa achega medida en traballo. A recuperación, tanto cuantitativa

como cualitativa, da militancia pasa necesariamente por fortalecer estratexia política e liñas de traballo, fornecendo duns propósitos claramente recoñecibles para toda persoa que se achega á organización e de tarefas que a vinculen nun sentido práctico a Esquerda Unida.

#### *Fortalecer as asembleas de base en vinculación coas loitas do territorio*

As asembleas locais, como vértice político e organizativo de Esquerda Unida, constitúen o seu centro de actividade, sendo os órganos nos que a militancia incorpora as liñas políticas acordadas colectivamente nos órganos de dirección, e onde decide e constrúe as propostas concretas nas que fundamenta o traballo da organización. Son, por isto, o órgano fundamental de produción política, encargado de analizar o seu territorio e de levar a cabo a súa concreta intervención, asignando no proceso as tarefas específicas e os recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

E, para isto, resulta imprescindible a reactivación da militancia e destes órganos, afastándonos dun modelo único ríxido no establecemento das estruturas de base. Pola contra, a flexibilidade na súa articulación implica non impoñer unha estrutura local/comarcal ou intercomarcal, senón un órgano dinámico cuxa natureza non supoña un obstáculo á hora de adaptar o traballo político á realidade concreta ou á realidade da propia militancia. A asemblea local ou comarcal debe ser tamén o nexa entre a acción colectiva e a proposta municipal acordada pola súa militancia.

Nisto son elementos centrais tanto a fórmula elixida para o desenvolvemento das reunións, por ser o lugar axeitado para a elaboración das solucións políticas concretas no seu territorio e o espazo de participación activa máis directo da militancia, como o uso que se faga das sedes e locais. En relación ás reunións, é mester avanzar cara espazos máis executivos, dirixidos á planificación e avaliación de traballo, cuxo centro de gravitación estea no afora da organización, sobre análises e debates enraizados nas dinámicas sociais da localidade. Un xiro no noso funcionamento interno obríganos, necesariamente, a repensar a forma e contido do que debemos dotar aos nosos centros de acción política, apostando por facer dos locais puntos de apoio e expresión político-institucional das loitas do territorio.

Este fortalecemento, en todo caso, ten que servir fronte ao illamento do territorio do resto da organización e das cuestións que transcenden ao eido estritamente local, e, igualmente, garantir que a dirección poida integrar as propostas e análises xurdidas nas estruturas de base á hora de establecer a súa liña política.

#### *Construír direccións ao servizo do traballo de base*

As liñas de traballo e análise enunciadas ao longo do documento deben ter un reflexo no deseño, métodos de traballo e debates dos órganos. As orientacións e dinámicas políticas predominantes xeran uns ou outros tipos de órganos. Para sustentar unha acción circunscrita á esfera institucional e electoral non se fai necesario direccións fortalecidas en capacidade de debate e condución colectiva; os grupos e cargos públicos válense por si mesmos para marcar liña, como máximo, auxiliados de certo aparello interno dedicado a asegurar un traballo mínimo cotián.

Esta é a imaxe prototípica sobre a que teñen pivotado nuns e outros momento a maioría de estruturas de Esquerda Unida. Unha realidade marcada, en xeral, por órganos cun nivel insuficiente de debate e elaboración propositiva, nos que a participación e o traballo está sostido por un número moi baixo de militantes, con discusións normalmente circunscritas a cuestións rutineiras ou ao electoral, que se agrava ante a retardación da vida orgánica nunha parte non pequena destes ámbitos. Mesmo nos casos de localidades nas que non existe representación as lóxicas e formas de funcionar asimiláronse. Isto agrávase ante a retardación da vida orgánica

nunha parte non pequena destes ámbitos. Falamos de modelos e tendencias aos que gradualmente se foron aproximando todas as organizacións, o que non exime matices e excepcións, nin as particularidades diferentes entre as asembleas de base e a dirección nacional.

Esta situación non ten orixe neste mandato de dirección; sempre que tentamos realizamos unha radiografía chegamos a puntos semellantes. Pese a todo, probablemente o momento no que chegamos permite detectalo con toda a claridade e crueza. A relativa parálise con ocasión da abrupta perda de representación fainos enfrontarnos directamente ás nosas carencias e agudiza a nosa desorientación, tamén no ámbito estritamente organizativo. No fondo, o xiro operado desde a XII Asemblea Nacional cara a formas de traballo de maior horizontalidade e vinculación ao traballo non institucional, quedou reducido a un simple cambio de nomenclatura dos nosos órganos.

Saír desta sorte de latencia interna esíxenos abordar sen máis demoras unha revolución organizativa no noso funcionamento: conservar o mellor do tempo precedente, pois aínda coas deficiencias descritas a organización mantense grazas a que pervive un fío de militancia con convicción, recuperando elementos que a onda de populismo democrático ha esvaecido e desenvolvendo os obxectivos que sen éxito quedaron no papel nestes ciclos.

Reducir a composición dos órganos de dirección e coordinación. Ademais de non existir en Esquerda Unida sustento militante para órganos activos excesivamente amplos, a hipertrofia favorece tanto as dinámicas de absentismo como a desvinculación ao desenvolvemento dos acordos polos seus membros. A aposta por reducir a composición da Coordinadora Nacional nun terzo debería de ser tomada como unha orientación para o resto de estruturas. De feito, a experiencia indícanos que os ámbitos de base a xeración de órganos de dirección e coordinación extensas acaba por duplicar ou xerar distorsións no funcionamento das propias asembleas.

Concibir estes órganos como espazos permanentes de coordinación do traballo rompendo as formas parlamentarias de funcionamento imperantes. Os métodos de dirección colectiva esixen a debida correlación entre a elaboración, discusión e execución da política, facendo aos membros dos órganos corresponsables de todas as súas fases, non só da participación na toma de decisións. Implica que a relevancia dos órganos non se circunscribe aos momentos puntuais de deliberación, senón á dinámica permanente de repartición e desenvolvemento de traballo. Órganos reducidos e áxiles como os que se propón facilitan unha distribución de responsabilidades e tarefas ampla sen resultar artificial, así como a posibilidade de estruturarse ao redor de áreas, comisións e outras fórmulas de equipo. É, á súa vez, condición para exercer como dirixente do colectivo, non como delegado/a de localidade/comarca ou sensibilidade, as cales xa teñen a súa canle concreta de representación.

Profundar nas dinámicas de planificación, rendición de contas e traballo colectivo. Apostar por unha lóxica na que prime a achega en traballo á simple presenza nos órganos, obriga tamén a cambios na súa metodoloxía. A debilidade actual dos órganos non é unicamente froito de falta de compromiso dos seus membros, que desgraciadamente existe, senón tamén das formas de expor debates e propostas. O papel dos órganos non pode acabar relegado a ratificar ou mesmo validar decisións xa adoptadas noutras instancias. É certamente o ámbito onde máis se avanzou nos últimos anos pero queda aínda marxe de mellora. Fundamentalmente, a traballar en dúas vertentes, por unha banda, a preparación e discusión previa: na medida que se poida incorporar un número maior de voces representativas (membros, localidades, etc.) na confección de propostas resultará máis fácil cohesionar e dar saída ás decisións. Por outro, ir xeneralizando métodos de planificación e seguimento do traballo, como os plans que presenta a dirección nacional e algunhas asembleas, aterrando e vinculando a tarefas as discusións de orde máis xeneral e analítico que poden atoparse nos informes, así como facendo do traballo tanxible a pulsión principal dos órganos.

Construír liderados colexiados e apegados ao territorio. Os modelos de dirección cun peso destacado das figuras unipersoais, nas que se prima e valórase a proxección pública sobre outras calidades, habitualmente sustentado sobre compañeiros que conxugan a dobre condición de dirixente e cargo público, debe de dar paso a outras formas de liderado. Entronques a disputa da axenda mediática, o relevante no futuro inmediato será recompoñer política e organizativamente Esquerda Unida acompañando e impulsando o traballo de base, o que require situar á fronte perfís que coñezan as súas múltiples facetas e dificultades, priorizar o equilibrio e solvencia colectiva de equipos fronte ao individual e, no caso nacional, un traballo de dirección en estreito contacto e vinculado coa actividade das localidades.

Avanzar nun tipo de dirección en coherencia coas metas políticas. Do documento político extráense sinteticamente tres liñas de actuación: a acción política municipal, a elaboración político-programática e a dinamización interna, as cal deberan ser os eixos reitores sobre os que ordenar os nosos recursos militantes, principalmente, os eventuais deseños de responsabilidades, xunto cos ritmos e tempos orgánicos a destinar aos variados asuntos.

